



**PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA
2017**

XUNTA DE GALICIA



Convocados pola Xunta de Galicia, os Premios da Cultura Galega significan cada ano un recoñecemento público a aquelas persoas, institucións e colectivos que enriquecen os distintos ámbitos da nosa cultura. Elas e eles contribúen á excelencia, á conservación e ao espallamento do mellor da nosa Música, Artes Escénicas, Audiovisual, Lingua, Patrimonio Cultural, Letras, Artes Plásticas e Proxección Exterior.

Tras un procedemento aberto de recollida de candidaturas, os galardóns son finalmente escollidos por un xurado formado por profesionais independentes e mais por representantes das institucións culturais galegas.

Vaia, con este acto de entrega dos Premios da Cultura Galega 2017, un xesto de estímulo ao traballo ben feito, de agradecemento á entrega e de convencida celebración.

Cidade da Cultura de Galicia,
12 de decembro de 2017



**PREMIOS DA
CULTURA
GALEGA
2017**

PREMIADOS 2017

Premio Cultura Galega de Letras **Xohana Torres**

Premio Cultura Galega de Artes Plásticas **Berta Álvarez Cáccamo**

Premio Cultura Galega de Artes Escénicas **Mabel Rivera**

Premio Cultura Galega de Música **Uxía**

Premio Cultura Galega de Audiovisual **Óliver Laxe**

Premio Cultura Galega de Lingua **Proxecto Apego**

Premio Cultura Galega de Patrimonio Cultural **Fundación Rosalía de Castro**

Premio Cultura Galega de Proxección Exterior **Cristina Pato**

MEMBROS DO XURADO 2017

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Consello da Cultura Galega

Universidade de Vigo

Real Academia Galega

Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario

Profesionais do ámbito cultural:

Chelo Matesanz (artista plástica)

Xosé Manuel Budiño (músico)

Dolores Ben (presidenta da Asociación Galega de Produtoras Independentes-AGAPI)

Belén Pichel (presidenta de Escena Galega)



Xohana Torres

A de Xohana Torres é unha das imprescindibles voces da literatura galega de posguerra, cunha influencia decisiva nas que serán as xeracións futuras.

Nada en 1929, esta filla de mariño criouse en Ferrol, para marchar máis tarde a Santiago de Compostela estudar Filosofía e Letras. Daquela segunda metade dos cincuenta son non só os seus iniciais proxectos radiofónicos, senón tamén os seus primeiros poemas, todos sempre en galego. Así, esta figura transcendente na reconstrución idiomática e cultural de Galicia, demostrou coa lingua un compromiso que non foi feble ou titubeante nin sequera nos seus adversos albores.

Daquela época son os primeiros galardóns literarios importantes e o seu primeiro poemario, *Do sulco* (1959), que abriu a mítica colección Illa Nova de Galaxia. Encadrada pola crítica na Xeración das Festas Minervais

como poeta, cultivou tamén o teatro, a literatura infanto-xuvenil, o ensaio, a tradución e a narrativa, inaugurando esta faceta coa inesquecible novela *Adiós, María* (1971), Premio Galicia do Centro Galego de Bos Aires.

Adscrita ao Teatro Estudio, e autora decisiva para a dramaturxia galega de posguerra, en 1972 outorgóuselle o Pedrón de Ouro polo seu labor cultural en beneficio de Galicia.

Levou en 1981 o Premio da Crítica Española, e no 1992 o Premio á Creación Feminina da Xunta de Galicia, aos que hai que sumar o recoñecemento da Medalla Castelao, entre outros. No pasado ano saía do prelo o seu último e celebrado poemario, *Elexías a Lola* (2016).

Membro da Real Academia Galega desde 2001 ata o seu pasamento, en 2017, Xohana Torres é unha autora de absoluta referencia para a literatura galega contemporánea.







Berta Álvarez Cáccamo

Con tres décadas de traxectoria ás súas costas, Berta Álvarez Cáccamo medrou tanto ao abeiro da ría de Vigo como ao de todo un universo familiar de creatividade.

De vocación temperá, apenas se licenciou en Belas Artes desde Barcelona en 1986, comezou a expoñer a súa pintura informalista, inicialmente influenciada polo movemento Atlántica. Axiña chegarían os impulsos a tan prometedor comezo: en 1987 a Bolsa Manuel Colmeiro da Xunta de Galicia, en 1989 o Premio Cidade de Palma e en 1990 a Bolsa de Creación Artística de Banesto. A unha estadía creativa na Cité Internationale des Arts de París seguiralle outra na Academia de España en Roma. Así comezarían as súas viaxes por distintos continentes, tan intensas como a súa actividade plástica e expositiva, sempre vinculada á abstracción.

Doutora en Belas Artes, Cáccamo está considerada unha das pintoras

máis relevantes da súa xeración en Galicia e en España. A súa pintura conceptual, sempre demorada, reflexiva e esixente, foi depurando o signo para deixar espazo ao silencio nos seus cadros de gran formato. Produto dunha mirada inqueda, emocional e afectiva, permanece sempre disposta ao debate coa propia obra, cos problemas da arte e coas súas imaxes. É á vez un proxecto vital e de ensaio, porque se escribe en presente continuo e se inscribe na memoria da pintura como material fundamental.

Eses cadros de grandes manchas de cor á vez delicadas e profundas poden hoxe atoparse en coleccións como as do Centro Galego de Arte Contemporánea -que lle dedicou no pasado 2016 unha importante mostra individual-, o Museo de Arte Contemporánea da Coruña ou o Museo Provincial de Pontevedra, entre moitas outras.



Mabel Rivera



Cunha extensísima experiencia sobre os escenarios, a ferrolá Mabel Rivera constitúe un dos grandes nomes do teatro galego. Comezou nel nos anos setenta, ata que en 1984 asiste á fundación do Centro Dramático Galego e pasa a incorporarse aos seus elencos xa como actriz profesional.

O seu paso á pequena pantalla traeríalle a popularidade cunha das comedias de maior éxito da Televisión de Galicia, *Pratos combinados*. Pero o recoñecemento estatal e internacional viría a través do cinema e da oscarizada *Mar adentro* de Alejandro Amenábar, por cuxo papel acadaría o Premio Goya e o Sant Jordi. Outras colaboracións no cine, así como a súa destacada continuidade en televisión, valéronlle tres premios Mestre Mateo que sumar como galardóns a unha polifacética traxectoria profesional.

Licenciada en Filoloxía Inglesa pola USC e graduada en Arte Dramática, estamos a falar dunhas das mans máis implicadas na escena galega, que acompañou o seu nacemento como sector profesional e fixo parte de innúmeras obras teatrais como *Agasallo de sombras*, con dirección de Vidal Bolaño; *As alegres casadas*, dirixida por Eduardo Alonso; *Compañía*, ás ordes de Antonio F. Simón; *Cartas de amor*, dirixida por Avelino González; *Romeo y Julieta*, de Will Keen, ou *Voaxa e Carmín*, baixo a dirección de Xavier Castiñeiras.

Coa súa compañía Teatro do Malbarate, a primeira formada exclusivamente por actrices e fundada en 1987 xunto con Rosa Álvarez e Marisa Soto, produce e participa en espectáculos como *Xogos de damas*, con dirección de Eduardo Alonso; *Inventarios*, baixo as ordes de Fernanda Lapa, ou *Xogos á hora da sesta*, de Cándido Pazó.





É difícil concibir unha personalidade máis activa e implicada na música galega cá de Uxía, con máis de tres décadas de imparable traxectoria.

Os precoces comezos da cantante e compositora sitúanse a mediados dos oitenta, coa publicación dun álbum de debut en solitario con só 24 anos.

Desde os noventa serán incesantes as colaboracións e proxectos colectivos nos que participe ou mesmo funde, cun espírito tan asentado nas raíces galegas como cosmopolita. A música é un espazo plural que compartir con músicos de África ou de América, do mundo lusófono, do feminino... A carón de nomes como Amália Rodrigues, María del Mar Bonet, Dulce Pontes, Budiño, Narf ou Sérgio Tannus. Así, creou espectáculos e proxectos tan sólidos e fecundos coma o Festival Cantos na Maré, CoraSons ou Son Delas.

O disco *Estou vivindo no ceo* (1995) renovou a canción tradicional galega e consagrou internacionalmente a Uxía. Ao seu abeiro xurdiron todo un abano de novas vocalistas galegas como Guadi Galego ou Leilía; mostra do pulo e maxisterio da mosense.

Impulsora de discos para nenos e nenas, autora de 12 álbums e creadora do seu propio selo, conta con galardóns coma os da Crítica de Galicia, o da Música Independente de España, o Premio Opinión á mellor traxectoria folk ou o Premio Rebulir da Cultura Galega.

Tendo representado a Galicia en certames internacionais, participando en bandas sonoras e mantendo á vez unha prolífica carreira en solitario, Uxía ademais produce, escribe e compón para unha chea de artistas e bandas. Toda unha traxectoria dedicada á difusión e á posta en valor da nosa música.



Óliver Laxe



Fillo de emigrantes galegos, Óliver Laxe naceu en París en 1982. Con só seis anos regresou á Coruña e máis tarde foi licenciarse en Comunicación Audiovisual pola Universidade Pompeu Fabra de Barcelona. Considerándose un constante viaxeiro, é logo entre Londres e Tánxer onde verán a luz as súas primeiras curtametraxes, como *Y las chimeneas decidieron escapar* ou *París #1*, xa seleccionadas en festivais de renome.

Algo máis asentado na cidade marroquí, crea o proxecto *Dao Byed*, un obradoiro de cinema para nenas e nenos desfavorecidos. Desta experiencia, seleccionada pola Berlinale Talent Campus do 2009, sairá a súa primeira longametraxe, *Todos vós sodes capitáns*, que acadaría o Premio da Crítica Internacional da Quincena de Realizadores do Festival de Cannes en 2010.

Seis esforzados e introspectivos anos tardará en estrear a súa seguinte longametraxe, *Mimosas*, unha fita que combina o wéstern e o cinema relixioso, a evolución da viaxe e o motor do inefable, aventura e redención. Con ela converterase no único cineasta español en ser dúas veces premiado en Cannes, pois *Mimosas* alzouse co título na sección na que competía, a Semana da Crítica. Tras ese magnífico comezo, a película viaxou a festivais coma os de Karlovy Vary, Toronto, Róterdam, Nova York, O Cairo, Moscova ou Sevilla, onde acadou o Premio Especial do Xurado.

Tamén actor en filmes propios e alleos, na actualidade prepara o que será o seu terceiro título e o primeiro rodado en Galicia. Así se escribe a historia do considerado mascarón de proa do novo cinema galego e un dos máis talentosos cineastas da súa xeración en todo o Estado.



apego



Proxecto Apego

Se existen en Galicia diversos proxectos encamiñados a fomentar os usos do galego en distintos ámbitos, Apego é unha iniciativa municipal colectiva que incide na socialización na lingua propia desde a primeira infancia.

Co obxectivo de impulsar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial, o proxecto Apego diríxese tanto aos cativos e cativas coma ao seu contexto familiar e social, co fin de fornecer de argumentos, ferramentas, motivacións, actividades, servizos, recursos, redes e materiais que contribúan á crianza en galego.

Deste xeito, fortalécese o arraigamento a través da lingua propia á terra, á familia e á identidade de noso. Créanse vínculos de empatía e comunidade, os mesmos sobre os que se ha construír o futuro. Procurando o orgullo polas nosas raíces e a forza para preservalas e transmitilas, sabedores do tesouro irrepitible que constitúe a lingua de cada pobo.

Concibido por iniciativa da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), desenvolven este proxecto cooperativo os servizos de normalización lingüística de 30 concellos galegos: A Baña, A Coruña, Ames, Carballo, O Carballiño, Carnota, Cee, Ferrol, Lugo, Mazaricos, Moaña, Muros, Narón, Negreira, Nigrán, Oleiros, Ourense, Ponteceso, Pontevedra, Pontearreas, Redondela, Rianxo, Ribadeo, Rois, Sada, Santiago de Compostela, Teo, Vigo, Vilagarcía de Arousa e Vimianzo.

Alentando a socialización en galego entre un sector da poboación tan importante como son as crianzas de 0 a 6 anos, o proxecto Apego traballa polo futuro coa idea de que a lingua é a cerna desde a que os nosos pequenos e pequenas descubrirán o mundo.





Fundación Rosalía de Castro

Con 70 anos de historia, a Fundación Rosalía de Castro é unha institución cultural dedicada á divulgación e á posta en valor da figura e da obra da autora fundacional das letras galegas, así como da do historiador Manuel Murguía e dos fillos de ambos. Encárgase, así mesmo, da conservación da Casa-Museo da escritora, de manter e acrecentar todo o legado consagrado á súa memoria, de celebrar as efemérides rosalianas e de fomentar a lingua e cultura galegas.

Dedicado a preservar a memoria de Rosalía de Castro, este histórico “refuxio da actividade cultural galeguista” nacera en 1947 como Padroado do mesmo nome. Unha vez restaurada a Casa da Matanza e convertida en Casa-Museo en 1972, o antigo Padroado convértese en Fundación en 1995.

Tras unha profunda modernización do discurso expositivo e da incorporación das novas tecnoloxías, a Casa de Rosalía intenta hoxe, a través dunha museografía enriquecida con numerosas pezas artísticas e documentais, explicar a súa figura, así como a de Murguía e dos fillos, e facilitar e enriquecer o coñecemento sobre todas elas ás persoas que se acheguen á Matanza.

Presidida hoxe polo escritor e profesor Anxo Angueira Viturro e declarada de interese galego, a Fundación Rosalía de Castro propón un punto de encontro onde poderemos apreciar a verdadeira dimensión desta emblemática figura da cultura galega e universal.





Cristina Pato

Ourense do 1980, Cristina Pato é gaiteira, pianista, produtora e unha apaixonada educadora interdisciplinar.


Residente en Nova York desde 2005 e cunha completísima formación que inclúe un doutoramento pola Rutgers University (EUA), os títulos superiores de Piano, Teoría da Música e Música de Cámara polo Conservatorio do Liceu, e o Mestrado en Música Dixital da Pompeu Fabra, a intensa vida profesional de Pato está dedicada ao intercambio cultural e a forxar novos camiños para a gaita galega.

Aclamada como “unha virtuosa explosión de enerxía” polo *The New York Times*, e como “un dos mestres vivos da gaita” polo *The Wall Street Journal*, Cristina Pato ten actuado en grandes escenarios de todo o mundo. Lanzou e produciu seis discos como gaiteira solista e dous como pianista, ademais de colaborar en máis de 40 gravacións

como artista invitada, entre as que se inclúe un álbum premiado nos Grammy.

A educación xoga un papel esencial na vida persoal e profesional de Cristina. Traballa como asesora de educación da formación Silk Road Ensemble do famoso violonchelista Yo-Yo Ma e é artista residente na Universidade de Harvard e na Universidade de California Santa Bárbara, onde desenvolve proxectos educativos. Desde a súa firme crenza no poder das artes como ferramentas da educación, ou mesmo combinándoa coa súa paixón pola neurociencia, Pato abre novas sendas para as artes nas institucións académicas.

Fundadora do seu propio festival multidisciplinar, a Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao en 2017.



Case relicario de amor

Para materializar o recoñecemento ao labor das persoas e entidades galardoadas, o artista castroverdense Paco Pestana creou a obra *Case relicario de amor*. Concibida como un poema en clave visual, esta peza escultórica eríxese como unha metáfora do intrincado diálogo entre a vida e a arte.



Un mar de cultura

O Pergamiño Vindel chegou este ano ás costas daquel mar que inspirara os seus versos inmortais. O mesmo mar cuxas augas impulsaron un patrimonio que viaxou polo mundo e veu de volta. O mesmo que unha e outra vez cantaran creadores e creadoras de todos os tempos, desde o propio Martín Códax ata o pintor Urbano Lugrís en cores e formas personalísimas. Este mar que reúne as costas doutras culturas e pobos, o que alberga tesouros e propela as xeracións futuras. O mesmo mar que un elenco de galardoadas, maioritariamente femininas, declaran estar dispostas a, elas tamén, navegar.



Dentro do marco conceptualizado por Mónica Mejías na dirección artística desta cerimonia de entrega dos Premios da Cultura Galega, a identidade visual correu a cargo de Roi Fernández e a escenografía púxo a pé Cenlitrosmetrocadrado, inspirada no universo creativo de Lugrís. Enriquecérona visualmente as pezas videográficas de Sr. Pause nas pantallas, e no espazo físico e sonoro, as transicións coreográficas e musicais de Nuria Sotelo e de Germán Díaz. Todos os textos e a condución do acto acompañáronnos da man de Yolanda Castaño, coa colaboración no vestiario de Adolfo Domínguez.

INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS



Wind Ensemble da Banda Unión Musical de Meaño

Alcanzando os 90 compoñentes ao completo, a Banda Unión Musical de Meaño é unha das máis importantes e antigas de Galicia, con máis de 180 anos de historia. Fundada no municipio homónimo, ao fío dela creouse unha escola de música e un festival anual de bandas. Unha vintena de membros desta formación pola que corre puxante zume novo estrea para nós, baixo a batuta de Diego Javier Lorente, unha adaptación da cantiga III de Martín Códax: “Mia irmana fremosa”.



INMA VILANDVA

Nuria Sotelo

Cunha formación que abrangue desde o ballet clásico á danza contemporánea, a ourensá Nuria Sotelo é coreógrafa, docente e directora da súa propia compañía, participando en multitude de propostas de danza e de teatro. O seu traballo recibiu bolsas e galardóns como coreógrafa ou intérprete. O seu labor pedagóxico reúne a danza e o ecosistema natural dentro dun contexto rural. Ela fiará a continuidade do acto inspirándose na protagonista feminina das creacións de Códax.




Germán Díaz

As transicións musicais trasládannos a unha atmosfera medieval que se actualiza en clave de vangarda por un compositor e intérprete capaz de combinar música tradicional e jazz. O multipremiado Germán Díaz fixo parte dunha mítica orquestra francesa que reunía os mellores zanfonistas do mundo. Sempre apostando pola innovación no seu xénero, ten actuado por todo o globo, alén de tocar e compoñer para centos de discos, cinema, teatro e TV.



Sonia Lebedynski

A precoz e versátil Sonia Lebedynski participou nunha chea de propostas musicais. Após a etapa en Fía na Roca, sorpréndenos agora con *Deserto de centos*. Deste traballo en solitario interpreta hoxe "Inventario do prohibido", inspirado nos versos da poeta Luz Campello. Faino acompañada de Carlos Freire, Roberto Comesaña, Marcos Teira, José Manuel Díaz e Javier Pereiro, e tamén eles lle poñen o ramo ao acto, interpretando o himno galego.



MUUM


Adaptando a cantiga V do Pergamiño Vindel, a versión musical creada para a ocasión corre a cargo do dúo MUUM, formado polos creadores Manuel Fonte e María Move. Especialistas na música para espectáculos escénicos de danza e novo circo, mesturan ambientes sonoros e voces, música electrónica e tradicional. Inspiradas no mesmo texto, hoxe contan ademais con coreografía e interpretación a cargo das bailarinas Nuria Sotelo, Cris Vilariño e Rebeca Carrera.

Museo Centro Gaiás



Centro expositivo de referencia en Galicia, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e versátiles da Cidade da Cultura, cunha fachada de case 43 metros de altura e máis de 16.000 metros cadrados de superficie. Cunha programación constante de artes plásticas, escénicas e musicais, ou eventos da magnitude do Womex ou do festival Escenas do Cambio, o Museo continúa a albergar mostras de grande envergadura, a carón de actividades formativas e de divulgación. Desde

a súa inauguración hai cinco anos, mantén unha dinámica de cooperación con institucións culturais do prestixio do MoMa de Nova York, do Museo do Prado, do Rijksmuseum de Londres ou do Musée d'Orsay de París. Espazo para a internacionalización da cultura galega, o Museo Centro Gaiás eríxese en plataforma para a visibilización do mellor das nosas expresións creativas. Un fito arquitectónico no que a auténtica protagonista é a cultura.



PREMIOS DA CULTURA GALEGA 2017
ANO DAS LETRAS DE CARLOS CASARES
E DA CHEGADA A GALICIA DO PERGAMIÑO VINDEL

galicia

PREMIO CULTURA GALEGA DE LETRAS

Xohana Torres

PREMIO CULTURA GALEGA DE ARTES PLÁSTICAS

Berta Álvarez Cáccamo

PREMIO CULTURA GALEGA DE ARTES ESCÉNICAS

Mabel Rivera

PREMIO CULTURA GALEGA DE MÚSICA

Uxía

PREMIO CULTURA GALEGA DE AUDIOVISUAL

Óliver Laxe

PREMIO CULTURA GALEGA DE LINGUA

Proxecto Apego

PREMIO CULTURA GALEGA DE PATRIMONIO CULTURAL

Fundación Rosalía de Castro

PREMIO CULTURA GALEGA DE PROYECCIÓN EXTERIOR

Cristina Pato



XUNTA
DE GALICIA